



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. José M. Da Rocha Álvarez
D. Oscar Rubiños López
D. Julio Taboada Pérez
D^a. Margarita Estévez Toranzo
D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
D^a. Fatima Arias Novoa
D^a. Silvia Bermúdez Pérez
D^a. M^a del Carmen Cabeza Pereiro
D. Manuel Ángel Candelas Colodrón
D^a. M^a. Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Víctor Cardador González
D. Pablo Javier Cebral Loureda
D^a. Mercedes Cendón Falque
D. Eusebio Corbacho Rosas
D^a. Patricia Corbacho Suso
D. Xosé Henrique Costas González
D^a. Julia de la Montaña Miguélez
D. Guillermo de Oca Cancela
D^a. M^a del Carmen de Arriba Pérez
D. José Durany Castrillo
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Manuel Fernández Gesto
D. José Manuel García Vázquez
D. Rubén Garrido Bernárdez
D. José M^a. Gil Villanueva
D. Luis Gude Troitiño
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D. José Luis Legido Soto
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Antonio Pena Giménez
D. Alberto Pena Rodríguez
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)
D. José Pose Blanco
D^a. Nieves Redondo Álvarez
D. M^a José Roca Fernández
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
D. Patricio Sánchez Bello
D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
D. Rafael Sanz Domínguez
D. Iago Soto Mata
D. José Tojo Suárez
D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo

D. Manuel Varela Lafuente
D. Manuel Velasco Graña
D. Federico Vilas Martín

Acta da sesión ordinaria da Xunta de
Goberno da Universidade de Vigo, de vinteito
de maio de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira
convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na
Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de
Telecomunicación

O luns, **día 28 de maio de 2001**, ás
10:15 horas, comezou a sesión ordinaria da
Xunta de Goberno co obxecto de tratar os
seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18 de abril de 2001)
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, do proxecto de programación plurianual 2001-2004.
- 4.- Aprobación, se procede, do acordo de integración da titulación de Relacións Laborais.
- 5.- Tramitación do expediente de creación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
- 6.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, permisos e comisións de servizo.
- 7.- Actualización das normas de xestión académica.
- 8.- Calendario académico do curso 2001-2002.
- 9.- Resposta ó recurso de reposición interposto polo Director do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación ante o acrodo da Xunta de goberno de 8 de marzo de 2001 sobre encargos de docencia

10.- Acordo ante a non presentación de candidatos a Director do Departamento de Filoloxía Española.

11.- Aprobación, se procede, do convenio da Universidade de Vigo, con

La Pontificia Universidad Católica Argentina "Santa María de los Buenos Aires " e University of Calgary, Canadá.

12.- Proposta de membros da Comisión de Biblioteca (sector de estudantes).

13.- Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18 de abril de 2001)

Apróbase por asentimento

Punto 2. Informe do Rector.

O Rector informa da tramitación de dous convenios, un deles entre as tres universidades galegas para a creación dun Parque Tecnolóxico conxunto dirixido ó apoio de iniciativas empresariais e outro coa Consellería de Economía e Facenda.

Tamén informou da súa intención de convocar en breve unha xuntanza da Comisión Universidade 2000 para debater sobre o anteproxecto da Lei Orgánica de Universidades.

Punto 3. Aprobación, se procede, do proxecto de programación plurianual 2001-2004.

Intervén en primeiro lugar o Rector para facer unha presentación xeral dos diferentes capítulos da programación plurianual do período 2001-2004.

A continuación ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Legido non está de acordo co xeito de levar a cabo as consultas previas. Di que os departamentos non foron directamente consultados e considera perigoso que figure o financiamento concreto; pensa que no aspecto económico, a programación debería ser mais ambiciosa. Considera que hai excesivas normas na programación do terceiro ciclo e di que na lista de titulacións que figuran no documento non se ten en conta o previsible descenso do alumnado. Termina insistindo en que na súa opinión, sen coñecer con exactitude os recursos futuros, sería mellor non facer programación.

O Vicerrector de Planificación, di que da intervención anterior se deduce que a Xunta de Goberno só debería aprobar unha declaración de intencións.

O Rector di que a programación plurianual ten que ir ligada necesariamente ó financiamento o cal ten que concretarse. Isto non impide que, como xa se fixo, se reclame a adecuada actualización anual do plano de financiamento.

O Sr. Cebro (en representación da Xunta de Persoal) di que o PAS funcionario non foi consultado e roga que no sucesivo se envíe á Xunta de Persoal a documentación completa de Xunta de Goberno.

A profesora Roca pide aclaracións sobre os apartados relativos a Institutos, ó Centro de Postgrado e á promoción do profesorado.

A profesora De La Montaña considera que na programación debería quedar clara a necesidade de dispor de recursos para o seguimento, reforma, avaliación e acreditación das titulacións.

O Sr. Cardador considera positivo o que figura na programación referente ós estudantes. Matiza que debería aumentarse a cantidade destinada a bolsas de comedor, que habería que acelerar os procesos relativos a cooperación internacional (ECTS, dobre titulación etc.) e que debería haber unha mención explícita á radio universitaria.

A profesora Cabeza opina que a denominación do futuro departamento H06 debería ser " Traducción e Lingüística ".

O profesor Pena Giménez di que na sección adicada a infraestructuras de investigación tamén deben considerarse as estruturas de investigación distribuídas por Centros e propón que desaparezan as referencias explícitas ó CACTI en relación a súa dotación en infraestructuras. Tamén opina que deben recollese as necesidades que se derivan do plano de avaliación institucional das titulacións.

O profesor M. Peñalver di que este documento é unha declaración de intencións (que non se poden cumprir) e que falta concreción.

O profesor Durany valora positivamente esta programación que foi tratada en cinco reunións da Comisión de Planificación de Xunta de Goberno. É unha programación realista, acorde coa financiación e ten un obxectivo claro para os vindeiros anos.

O profesor Mazaira di que o capítulo 13 (financiamento) é fundamental xa que é imprescindible partir dunha realidade de financiamento. Considera que é demasiado ríxido fixar ata o último detalle a estrutura departamental, tendo en conta que ó longo dos catro anos seguintes poden variar as condicións das áreas de coñecemento. Di que a previsible diminución de alumnos fai necesario falar de novas titulacións.

O profesor Araujo interésase pola integración das Escolas de Enfermería na Universidade.

A profesora Alonso Escontrela roga que se coide a calidade da construción do edificio da Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra.

O profesor R. Berrocal di que se perde unha oportunidade histórica de ter un documento consensuado e que era máis asumible a programación feita no ano 1996.

O Rector non está de acordo coa intervención anterior e manifesta que estamos aproveitando a oportunidade de ter unha programación plurianual de toda a universidade.

O profesor Tojo di que esta é a programación do equipo de goberno e que faltou diálogo. Opina que hai incompatibilidade entre os datos numéricos e o que se solicita e que o incremento do 3% no capítulo I fai imposible cumprir os obxectivos.

O Rector responde que a comunidade universitaria foi consultada e o Vicerrector de Planificación di que esta programación sostén as inversións, cumpre a legalidade e é susceptible de ser aprobada no Consello Social.

O Sr. Garrido valora de xeito positivo varios apartados: inserción laboral dos estudantes, normalización lingüística, infraestructuras e Cidade Universitaria S.A. Globalmente, di que a programación vai servir para levar adiante o interese público.

O profesor Santamaría fai unha intervención que se recolle como anexo II.

O profesor S. Bello apoia a programación. Bota en falta unha proposta relativa a salarios dentro da parte de profesorado e pensa que sería de interese mencionar as titulacións de Enoloxía e de Terapia Ocupacional.

O profesor Corbacho di que a Comisión de Planificación tería que ter iniciados os seus debates con máis antelación. Di que a universidade necesita que se planifique e se programa de xeito global para que un equipo de goberno non cambie co feito anteriormente.

A Sra. Corbacho interésase pola dobre titulación de Dereito e Economía.

O Rector respóndelle que, recibidas as propostas dos Centros, poderá actualizarse a programación e tramitarse a dobre titulación.

O Sr. Velasco di que os programas de formación deben estar ben planificados e acompañados de persoal e que os representantes dos traballadores deben estar informados da creación de novos servizos, os cales deben estar atendidos polo persoal axeitado. Por último, interésase por unha Escola Infantil no Campus de Lagoas-Marcosende.

O profesor Pena Giménez di que a implantación de períodos cero e a figura do profesor coordinador deberían ter o seu recoñecemento en P.O.D. . Tamén opina que debería incluírse unha referenencia á celebración de Foros de Emprego.

A profesora Alonso Escontrela propón unha mellora de redacción no punto 9.4 (acéptase)

Finalizadas as intervencións sométese o texto a votación coas inclusións sobre avaliación institucional (suxestións da profesora de la Montaña e do profesor Pena Giménez) na páx. 48, sobre estrutura departamental (profesor Mazaira) na páx 6 e sobre urbanización do Campus e infraestructuras

de investigación (profesor Pena Giménez) nas páxinas 23,26,65 e 70.

O resultado da votación foi o seguinte:

A favor	32 votos
En contra	6 votos
Abstencións	8

Apróbase o proxecto de programación plurianual 2001-2004 para a súa remisión ó Claustro (anexo I)

Punto 4.- Aprobación, se procede, do acordo de integración da titulación de Relacións Laborais.

O Sr. Xerente explica que o acordo de integración presentado se completa coa táboa que se repartiu o inicio da sesión onde se recolle como quedaría o persoal docente e o PAS despois da integración. Di tamén que despois das negociacións co persoal, na terceira liña do cadro relativo ó PAS debe corrixirse grupo III por grupo IV.

O Sr. Velasco di que para futuras integracións deben facerse mesas de negociación cos sindicatos.

A profesora Roca di que votará a favor da integración porque esa foi a decisión da Facultade de Dereito aínda que a súa opinión persoal é contraria.

A Sra. Bermúdez maniféstase a favor da integración.

A Sra. Corbacho pregunta onde recibirán a docencia os estudantes de Relacións Laborais (O Rector respóndelle que no seu día estarán no Campus).

O profesor Santamaría anuncia a presentación dunha moción sobre este tema (anexo III)

O resultado da votación foi o seguinte:

A favor da integración	29 votos
En contra	0 votos
Abstencións	4

Apróbase o acordo de integración da titulación de Relacións Laborais(anexo IV).

Punto 5.- Tramitación do expediente de creación da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

A profesora Roca di que votará a favor porque esa foi a decisión da Facultade de Dereito aínda que a súa opinión persoal é contraria.

O profesor Santamaría anuncia a presentación dunha moción (anexo V).

A Sra Bermúdez apoia a proposta que considera moi positiva para os estudantes da sección delegada.

A Sra. Corbacho e o Sr. Gude coinciden coa intervención anterior.

Sométese o punto a votación:

A favor	28 votos
En contra	0 votos
Abstencións	5

Apróbase.

Punto 6.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, permisos e comisións de servicio.

Apróbase por asentimento:

- prazas BOE:

C09	760	TIT-UN	VIGO	EMILIA GARCÍA MARTÍNEZ
H06	795	TIT-UN	VIGO	BEATRÍZ SUÁREZ BRIONES
T12	800	TIT-UN	VIGO	IGNACIO ALONSO ALONSO
X06	225	TIT-UN	VIGO	XOSÉ MANUEL GONZALEZ MARTÍNEZ
X06	225	TIT-UN	VIGO	CARLOS M. GRADÍN LAGO
X09	650	TIT-UN	VIGO	J.SANTIAGO GÓMEZ FRAIZ
X07	230	TIT-UN	VIGO	---
X01	805	TIT-UN	OURENSE	MARÍA D. DAPIA CONDE
C07	750	TIT-UN	VIGO	ISELA LAVILLA BELTRÁN

- transformacións:

C09	760	PAULO PÉREZ LOURIDO	DE PP2 A TIT-UN interino
X09	650	ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ	DE PP1 A PP2
X09	650	Mª DEL MAR RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ	DE PP2 A TIT-UN interino

- permisos:

María Jesús Iglesias Briones	de 02-07-2001 a 02-10-2001
Joaquín Sueiro Justel	de 01-10-2001 a 31-12-2001
Ana Mª Bernabeu Tello	de 01-10-2001 a 31-12-2001
Begoña Campos Muño de la Rosa	de 20-09-2001 a 20-12-2001
Loreto Rodríguez Pardo	de 03-09-2001 a 03-12-2001
Jacobo Campo Táboas	de 01-07-2001 a 31-09-2001

- comisións de servizo:

Prorroga da Comisión de Servizos do profesor Luis Fariña Busto na Dirección Xeral de Investigación de la Comisión Europea.

Punto 7.- Actualización das normas de xestión académica.

O Vicerrector de Docencia e Alumnado presenta este documento que recolle unha redacción actualizada e máis clara das normas de xestión académica aprobadas nas sesións de Xunta de Goberno de 20 de xuño e 11 de decembro do ano 2000.

O profesor Pena Giménez pide que se estudie a viabilidade de introducir notas numéricas nas actas de cualificación. De ser posible e cara á implantación da normativa de permanencia evitariáanse longos períodos de custodia de exames.

O profesor Corbacho solicita (en nome da profesora Roca) que no apartado 7.1 se modifique a redacción no referente ó silencio administrativo positivo. Acórdase substituír a frase " a resolución debe ser expresa e non cabe a posibilidade de silencio administrativo positivo " por "a resolución debe ser expresa ".

A Sra. Arias, solicita que no apartado 12.7 (modificación de matrícula) se estudie se pode establecerse outro prazo para materias do 2º cuatrimestre.

Apróbanse as normas por asentimento. (anexo VI)

Punto 8.- Calendario académico do curso 2001-2002.

A Secretaria Xeral informa dos erros nos punto 5 e 7 do calendario que se presenta. Indica que aceptando as propostas dalgúns centros, podería ampliarse o período de exames do primeiro cuatrimestre que se iniciaría o día 29 de xaneiro en lugar do 31 de xaneiro.

Apróbase por asentimento o calendario oficial do curso 2001-2002. (anexo VII)

Punto 9.- Resposta ó recurso de reposición interposto polo Director do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación ante o acordo da Xunta de Goberno de 8 de marzo de 2001 sobre encargos de docencia.

Neste punto intervéñen en primeiro lugar o Vicerrector de Organización Académica que explica o proceso seguido na elaboración, tramitación e aprobación en Xunta de Goberno dos P.O.D. do curso 2001-2002.

O profesor Gómez Gude intervéñen como Director do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación explicando as razóns da presentación do recurso.

O profesor Santamaría apoia a intervención anterior.

A Decana da Facultade de Ciencias da Educación defende os P.O.D. xa aprobados.

Sométese a votación:

A favor de desestimar o recurso :	16 votos
A favor de estimar o recurso:	0 votos
Abstencións	6

Desestimarse o recurso.

Punto 10.- Acordo ante a non presentación de candidatos a Director do Departamento de Filoloxía Española.

Ante a non presentación de candidatos a Director e oído o Consello de departamento acórdase por asentimento realizar o nomeamento de Director en funcións seguindo os criterios de categoría, antigüidade e idade ata que se aprobe no Claustro a nova estrutura Departamental.

Punto 11.- Aprobación, se procede, do convenio da Universidade de Vigo, con La Pontificia Universidad Católica Argentina "Santa María de los Buenos Aires " e University of Calgary, Canadá.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12.- Proposta de membros da Comisión de Biblioteca (sector de estudantes).

Acórdase que pasen a formar parte da Comisión de Biblioteca os seguintes estudantes:

- D. Iago Soto Mata (E.T.S. de Enxeñería de Telecomunicación)
- D^a. Patricia Corbacho Suso (Sección Delegada de Dereito Económico- Vigo)
- D. Miguel Anxo Rodríguez López (Sección Delegada de Dereito Económico- Vigo)

Punto 13.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

Levántase a sesión ás 19:00 horas do día 28 de maio de 2001, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e praxe do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo